



ACORDOS DA COMISIÓN PERMANENTE 26/03/2026 DO COMITÉ DE DIRECCIÓN DA ESCOLA INTERNACIONAL DE DOUTORAMENTO (EIDUDC)

1. DOCUMENTACIÓN EN PAPEL E SINATURAS MANUSCRITAS

A documentación do expediente do estudantado debe recibirse en papel porque na EID non existe un sistema electrónico de xestión de expedientes electrónicos.

As sinaturas manuscritas orixinais nos informes dos avaliadores, por razóns administrativas, deben ser electrónicas ou, de non ser así, debe presentarse a versión manuscrita orixinal.

2. RATIFICACIÓN DO ACORDO DO COMITÉ DE DIRECCIÓN SOBRE O REPARTO, ENTRE OS PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO, DE DEDUCIÓN DE HORAS DE DOCENCIA EN PROPORCIÓN AO NÚMERO DE MATRICULADOS E TESES DEFENDIDAS.

Ratificado por unanimidade.

3. ACORDO SOBRE SE OS AVALIADORES EXTERNOS QUE INFORMAN SOBRE AS TESES DE DOUTORAMENTO DEBERÍAN PERTENCER A DÚAS INSTITUCIÓN DIFERENTES.

Por analoxía ou extensión á norma que impide que dous membros dun mesmo tribunal pertencen á mesma institución, apróbase por unanimidade que os avaliadores externos deben pertencer a dúas institucións diferentes.

4. ACORDO SOBRE A SOLICITUDE DE QUE O SEGUIMENTO DOS PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO SE FAGAN DE XEITO BIENAL (AGÁS PARA AQUELES PROGRAMAS E ANUALIDADES NOS QUE CORRESPONDA RESPOSTA POR PARTE DA ACSUG).

Aprobación por unanimidade.

5. ACORDO SOBRE ADXUDICAR CERO PUNTOS NA PUNTAXE DOS PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE DOUTORAMENTO NO SUPOSTO DE QUE O MEMBRO DO TRIBUNAL NON EMITIRA O SEU VOTO CANDO SE LLE SOLICITARA DESDE A OFICINA DE DOUTORAMENTO.

Apróbase por unanimidade que nos correos electrónicos enviados aos membros do tribunal un prazo de 15 días e con expresa mención de que, se a votación correspondente non se emite dentro do período especificado, considerarase que non foi emitida de xeito definitivo e non poderá ser computada para os premios extraordinarios.

6. ACORDO SOBRE AS CONDICIÓN PARA ACEPTAR A DEFENSA MIXTA POR NON PARTICIPACIÓN DALGÚN MEMBRO DO TRIBUNAL.

Apróbase por unanimidade, que se un membro do tribunal non pode asistir en persoa, intentarase reconstituír o tribunal con suplentes ou, se isto non é factible, proporcionar unha xustificación ben fundada para a ausencia en cuestión. A determinación da



persoa lexitimada para solicitar a defensa híbrida non se modifica, continuando como lexitimados o/a(s) director/a(s) ou coordinador/a do programa correspondente.

** OBSERVACIÓNS: De acordo á instrución emitida pola Vicerreitoría de Investigación e Transferencia, con data 1 de abril de 2026, sobre a modalidade de celebración dos tribunais de tese de doutoramento e debido á situación económica actual da UDC, e que no curso vixente os fondos dispoñibles para a participación dos membros de tribunal están esgotados, as solicitudes de defensa de tese en modalidade híbrida por ausencia de membros de tribunal por motivos económicos serán autorizadas pola Comisión Permanente co obxectivo de minimizar os custos asociados ao desprazamento dos membros do tribunal.*

7. TESE DE DOUTORAMENTO CON PROTECCIÓN DE DATOS

Apróbase por unanimidade a actualización da documentación.